


LECTORES ADULTOS



Pérez Reverte, A.: El asedio. Alfaguara. Cádiz, 1812. Unha cidade fascinante, liberal e culta, aberta ao mundo, pero arrasada pola Guerra de Independencia. A historia de varios personaxes e unha cidade onde, a xeito de pezas de xadrez sobre un taboleiro perigoso, todos eses fíos se relacionan entre si. Asedio unha novela chea de peripecias; hai un enigma central de tipo científico, un desafío que planea por toda a historia.

Gavalda, A.: Unha bonita escapada. Ed. Galaxia. Nesta nova novela cóntase historia de Simon, Garance e Lola, tres irmáns que escapan dunha voda que se anuncia especialmente anoxadora. Marchan en procura do máis novo da familia, Vincent, que é guía turístico nun recuncho perdido da campiña francesa. Esquecendo por unhas horas fillos, parellas, divorcios,



a

preocupacións e obrigas sociais, deciden agasallarse por unha vez cunha auténtica e bonita xeira de liberdade.



Wassmo, H.: La casa del mirador ciego. Nordika libros.

A autora, recoñecida como unha das mellores narradoras dos países nórdicos, narra a vida de Tora, unha nena nacida da relación dunha norueguesa e un soldado alemán durante a ocupación. A súa infancia transcorre nun pequeno

pobo de Noruega, na casa que dá título ao libro, onde sufrirá, por unha parte, a ausencia dunha nai con demasiadas ocupacións e, por outra, os abusos do seu padrasto. Wassmo fórmúlanos, dende a mirada dunha muller, unha cuestión universal: o medo, a vergoña e o sentimento de culpa que sente a vítima dunha situación de abuso.



BOLETÍN DA BIBLIOTECA

Nº 30 CURSO 2009/10 ESPECIAL VERÁN



IES Fernando Esquío

Empedrán nº 16
Neda 15572
A Coruña
Tlf 981391080
FAX 981391280

Visítanos no noso blog:
www.blogfesquio.blogspot.com

Ler ... no verán


Despois do traballo de todo o curso, que mellor que poder desconectar de todo o que nos rodea

cunha boa lectura baixo unha sombrilla:

poesía, novela, banda deseñada, en papel,

online, na area como na foto...

hai libros para todos.



Fdez Paz, A.: A dama da Luz. Xerais. O avó de Marta garda un enigmático segredo na súa memoria, que fala de seres extraños que habitaban na cidade cando era moi distinta, apenas había coches e a xente non vivía coas prásas de hoxe, seres como a Dama da Luz ou o Home das Sombras. Un día, algo especial sucede. E entón Marta

coñecerá por fin unha historia que a levará a descubrir todas as marabillas que a roda da vida nos ofrece.

Sierra i Fabra, J.: Diario de un pardiño.

SM. Mariano está feito un mar de confusión..Dixéronlle que vai ten cambiar pero non ve por onde aparecerá ese ciclón que zarandeará a súa vida. De momento, segue coa súa afección á lectura e a escritura (mira que é raro!), co seu amigo Leo e acaba de estreir hobby novo: facerse o enconradizo coa veciña de arriba...



Alonso, A y Pelegrín, J.: La llave del tiempo.

Ed. Anaya. En 2121, a Corporación Dédalo logra reunir catro mozos cun sistema inmunolóxico que os fai invulnerables fronte a calquera enfermidade. A cambio da súa colaboración para a produción de vacinas, Dédalo ofrécelles un brillante futuro nunha illa paradisíaca... Pero tras a súa xenerosidade, a Corporación oculta un escuro propósito.

Lembrede que hai oito títulos!

Gallego Abad, E.: Dragal. A herdanza do dragón.

Xerais. Acaroado na fachada da igrexa de San Pedro, o dragón de pedra agarda que chegue o tempo no que Dragal recobre a vida. Hadrián aínda non o sabe, pero el é o elixido para conseguir que se cumpra a profecía. Mais, quen pode imaxinar que o vello templo medieval agocha as claves para atopar a senda do último dragón galego?



Collins, S.: Los juegos del hambre.

Ed. RBA

As cruentas guerras deixaron a Norteamérica dividida en 12 distritos, tiranizados polo férreo control ditatorial do Capitolio. A miseria e a pobreza esténdense por todo Panem, a liberdade é cousa do pasado... e cada ano, como para disuadir os cidadáns de rebelarse,


celebrase un cruento espectáculo, chamado os Xogos da Fame.... Dous representantes de cada Distrito, unha rapaza e un rapaz, serán elixidos para tratar de sobrevivir na area. Vinte e catro mozos encerrados nun medio hostil, loitando ata a morte. Cada minuto está televisado. E só pode haber un vencedor...

Aleixandre, M.: A banda sen futuro.

Ed Xerais.

Aproveitando a homenaxe que lle fan a autora os escritores galegos, lembramos unha das súas obras.

Non é doado facer amigos nin novo instituto ós dezaseis anos, e menos se unha ten o cabelo rapado ó cero e se sente como un ídem á esquerda. Carlota non entende por que seus pais a obrigan a ir á clase. Só Poch, o cantante morto de Derribos Arias, é quen de comprendela e manter longas conversas con ela desde a súa foto, aínda que non sempre lle dá a razón. Nestes meses Carlota descubrirá o amor e o desamor, e intentará pillar o ceo cos pés.



Prieto Solano, Cristina: La claridad de la sombra.

Neverland Ed. A autora desta súa primeira novela é unha rapaza de 15 anos, alumna do IES Saturnino Montojo. Novela fantástica tanto polo tema que trata como pola calidade. Benvinda ao mundo da literatura!

Westerfeld, S.: Traición. Ed

Montena

Primeira entrega dunha triloxía, o libro formula un mundo futurista onde todos os adolescentes son obrigados a operarse aos dezaseis anos para converterse en homes e mulleres perfectos. Traición formula unha reflexión sobre os perigos da beleza, a homoxeneidade e o abuso da tecnoloxía médica, sen esquecer o amor e a amizade.



Miguel Hernández. Antología poética. Ed. Espasa

Poeta da sinxeleza e da pureza, a súa poesía está limpa de artificios e cargada de grande emotividade, e revela unha actitude crítica cara a un mundo cheo de inxustizas. Sen dúbida ningunha, un dos máis grandes poetas da literatura española de todos os tempos.

Shakespeare, W.: Romeo and Juliet

Adaptación dun clásico en formato manga, ambientada no Tokio actual mantén o espírito orixinal aínda que o texto se adapte ao novo formato. Tamén podemos atopar outros títulos como Hamlet, Othello, Macbeth, Much Ado About Nothing....esperamos telos na biblioteca o curso que ven.

